



|   |                            |  |
|---|----------------------------|--|
| Area / Unidade<br>RR.HH PE0000<br>MALB  | Documento<br>10816IOCVF    |  |
| Código de verificación<br><br>0U5M 286S 3715 021U 1EK1 | Expediente<br>108/2019/780 |  |
|   | Data<br>23-09-2022         |  |

- CORRECCIÓN DE ERROS -

**CONCURSO PARA A PROVISIÓN DE POSTOS DE TRABAJO  
CE 1/2019 (SEL2019038)  
BAREMACIÓN DO APARTADO 5 DAS BASES DA CONVOCATORIA  
RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS**

Con data 2.08.2022 publicouse no xestor de contidos Alfresco e na páxina web do Concello da Coruña o anuncio titulado “**Baremación do apartado 5 das bases da convocatoria – resolución de alegacións**”, no que se facía público o acordo da comisión de valoración sobre a baremación do apartado 5, despois da resolución das alegacións presentadas.

Pese a que na citada publicación recóllese a expresión “baremación definitiva”, a comisión de valoración considera necesario aclarar que, segundo as bases do concurso, a valoración dos méritos non ten carácter definitivo ata a conclusión do proceso, estando prevista no apartado 9 das mesmas a realización dunha proposta provisional de adxudicación de destinos, contra a que as persoas interesadas poderán presentar reclamacións durante un prazo de 10 días hábiles, que, unha vez resoltas pola comisión de valoración, dará lugar a unha proposta definitiva de resolución do concurso.

Consecuentemente co indicado, procede corrixir o anuncio publicado o 2.08.2022, no sentido de eliminar a referencia á expresión “definitiva”, quedando o seu texto como se indica:

“Publicada o 4.03.2022 a baremación provisional do apartado 5 das bases da convocatoria (BOP 107, do 7.06.2019), a comisión de valoración do concurso para a provisión de postos de traballo CE 1/2019, na sesión do 26.07.2022, acordou facer pública a baremación, despois da resolución das alegacións presentadas que serán comunicadas individualmente ás persoas interesadas, a través dos seguintes anexos:

- Anexo I: Listado ordenado por empregado
- Anexo II: Listado ordenado por posto de traballo”

Esta corrección realízase ao amparo do artigo 109 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, segundo o cal as administracións públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a petición dos interesados, erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

A Coruña, na data da firma electrónica deste documento

O secretario da comisión de valoración,

Asdo.: Antonio García Mira